

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA E A ASOCIACIÓN DE INDUSTRIAS DO METAL E TECNOLOXÍAS ASOCIADAS DE GALICIA PARA A ELABORACIÓN DO PLAN DIRECTOR DA METALMECÁNICA E OUTROS INSTRUMENTOS COMPLEMENTARIOS

(Asinado electronicamente o 22/12/2025)

### REUNIDOS

Dunha parte, \_\_\_\_\_, en nome e representación da Consellería de Economía e Industria, co NIF \_\_\_\_\_ e domicilio en Edificio Administrativo San Caetano, s/n, 15704, Santiago de Compostela, na súa calidade de conselleira segundo nomeamento recollido no Decreto 44/2024, de 14 de abril. Está facultada para este acto en virtude das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia; o Decreto 140/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía e Industria; e o Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.

Doutra parte, \_\_\_\_\_, en representación da Asociación de Industrias do Metal e Tecnoloxías Asociadas de Galicia (Asime), en calidade de Presidente desta e con poderes suficientes para este acto, segundo consta en escritura de elevación a público número oitocentos noventa e cinco, de data 23 de marzo do 2023, que formaliza o Acordo da Asamblea Xeral de data 14 de marzo do 2023, con NIF \_\_\_\_\_ e domicilio en Avenida Doutor Corbal, 51, 36207 Vigo (Pontevedra).

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas e

### EXPOÑEN

I.- Que a Consellería de Economía e Industria é o órgano da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ao cal lle corresponde o exercicio, entre outras, de funcións en materia de promoción e dinamización da economía, impulso e coordinación da política económica e industrial, apoio ao sector empresarial e mellora da competitividade das empresas, incidindo no desenvolvemento tecnolóxico e a innovación, na transformación dixital, na sustentabilidade e na internacionalización.

II.- Que o Decreto 140/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía e Industria, dispón a creación da Secretaría Xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético como novo órgano de dirección ao que se lle atribúen, entre outras, a dirección, coordinación, planificación, execución, seguimento e control das competencias e funcións da Consellería en materia de industria.

III.- Que o Decreto 140/2024, do 20 de maio, dispón que, baixo a superior dirección da persoa titular da Secretaría Xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético, a Dirección Xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial exercerá as competencias e funcións en materia de estratexia industrial, e o desenvolvemento, promoción e coordinación da política industrial dentro da Comunidade Autónoma de Galicia en colaboración cos distintos departamentos da Xunta de Galicia.

IV.- Que, segundo establece o artigo 61 do Texto Refundido das disposicións legais da comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, aprobado polo Decreto Lexislativo 1/2015, do 12 de febreiro, os plans directores son instrumentos de carácter estratéxico que teñen como fin potencial o desenvolvemento da actividade industrial no sector concreto que corresponda, a través da definición das medidas necesarias para o seu impulso, de cara a avanzar no fortalecemento de todo o sector industrial da Comunidade Autónoma de Galicia e na conseguinte creación e mantemento do emprego industrial.

As medidas incluídas no plan dirixiranse a fortalecer o sector industrial, mellorando a competitividade das industrias actuais, fomentando a súa internacionalización, favorecendo a sustentabilidade e impulsando a innovación industrial dos seus procesos produtivos, co fin de incrementar o emprego industrial de calidade na comunidade Autónoma de Galicia. Igualmente, as medidas estarán dirixidas a estimular a captación de investimento no sector que supoña un reforzo do tecido industrial de Galicia, reforzando as sinerxías sectoriais e /ou intersectoriais.

V.- Como complemento dos plans directores, e dentro da promoción da política industrial da Comunidade Autónoma de Galicia, considérase pertinente a realización doutras actuacións dirixidas a impulsar proxectos que potencien as cadeas de valor industriais galegas, a elaboración de catálogos industriais que faciliten a internacionalización das empresas galegas e promocionen os seus servizos e produtos, así como a organización de eventos e obradoiros que promovan o intercambio de coñecementos e *networkings* que reúnan a líderes sectoriais, investigadores, provedores de tecnoloxía e outros actores clave en espazos de colaboración.

VI.- Que a Asociación de Industrias do Metal e Tecnoloxías Asociadas de Galicia (en adiante ASIME), é unha entidade non lucrativa que representa ás empresas do sector metal galego e ás súas tecnoloxías asociadas, entre os seus asociados atópanse, entre outras, empresas industriais e tecnolóxicas vencelladas coas actividades de automoción e transporte, naval e marítima, construcións metálicas, estruturas e cerramentos, enerxías renovables, industria aeroespacial, seguridade e defensa, ascensores e elevadores e servizos complementarios.

ASIME ten, entre os seus obxectivos, fortalecer a estrutura das empresas que o integran achegándolles vantaxes competitivas a través de mecanismos de cooperación e co propósito de contribuír á mellora da súa competitividade, aproveitando as sinerxías derivadas do intercambio de experiencias e coñecementos, dos mecanismos de apoio e do traballo cooperativo en rede. Así mesmo, tamén ten como obxectivos incrementar a innovación, o desenvolvemento profesional das persoas e a excelencia operativa para garantir a competitividade do sector.

Para a consecución deses obxectivos, entre outras actuacións que desenvolve, está a coordinación das relacións institucionais e a interlocución coas Administracións para o desenvolvemento de actuacións de interese para o sector, así como tamén contribuír a mellorar a cualificación e a formación das empresas asociadas e do seu persoal, fomentando, coordinando e impartindo cursos, seminarios e programas formativos.

Ademais, Asime presta acompañamento directo ás empresas, ofrecendo apoio técnico e estratéxico, e coordina a organización de eventos, congresos, misións empresariais e encontros sectoriais que favorezan a promoción, a visibilidade e a xeración de novas oportunidades de negocio.

VII.- Que, en liña co desenvolvemento, promoción e coordinación da política industrial, promoveuse por parte da Consellería de Economía e Industria, en colaboración con Asime, a elaboración do plan director da Industria Metalmecánica, sector declarado como estratéxico no Consello da Xunta de Galicia do 29 de febreiro do 2024, así como a posta en marcha doutros instrumentos complementarios de promoción industrial que permiten conformar un plan de acción integral dirixido a potenciar o papel do sector do metal en Galicia.

VIII.- Que para a consecución dos obxectivos enunciados no punto anterior, as partes consideran de mutuo interese establecer fórmulas de colaboración que permitan executar as distintas accións encamiñadas ao cumprimento dos ditos obxectivos, xa que non se contemplan prestacións propias dos contratos regulados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público. Entre esas fórmulas de colaboración, considérase a máis axeitada a figura do convenio entre unha Administración Pública (Consellería de Economía e Industria) e un suxeito de Dereito privado (a Asime), ao abeiro do artigo 47.2 letra c) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Por todo o exposto, ambas partes acordan subscribir o presente convenio, que se rexerá polas seguintes:

## CLÁUSULAS

### **Primeira.- Obxecto do convenio**

O obxecto deste convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a concesión dunha achega por parte da Consellería de Economía e Industria a Asime para realizar unha serie de actuacións dirixidas a colaborar na elaboración, aprobación e publicación do plan director da industria metalmecánica, así como a realización doutras actividades complementarias que conformen un plan de acción integral para o sector do metal en Galicia.

**Actividade 1:** Colaborar na elaboración, aprobación e publicación do plan director da industria metalmecánica. Esta actividade implicará a realización das seguintes actuacións:

- Revisión e proposta de actualización dos apartados iniciais comúns a todos os plans directores.
- Análise da parte sectorial do plan director da industria metalmecánica, caracterizando a situación actual do sector e perfilando as tendencias de proxección a futuro.
- Organización de mesas e reunións con axentes sociais, empresas, entidades de referencia e asociacións sectoriais vinculadas coa industria metalmecánica. Os participantes serán propostos por Asime e validados pola Secretaría Xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético, que poderá solicitar, á súa vez, a participación doutras entidades de interese para o sector. Esta información será traballada de xeito que se traten as diferentes prioridades sectoriais definidas nos plans directores: internacionalización, sustentabilidade, dixitalización, competitividade e innovación, investimentos, persoas, e infraestruturas e solo.
- Proposta de redacción do plan director, partindo da análise previa do sector e da información cualitativa xerada nas mesas de traballo e nas reunións con informantes clave. Nesta fase definiranse as prioridades sectoriais e a relación de medidas solicitadas desde o sector para facer fronte a estas necesidades.
- Colaboración na investigación de instrumentos financeiros públicos, presentes e futuros que sirvan para apoiar a implementación das medidas recollidas no plan director.
- Preparación das mesas de traballo cos diferentes organismos da Xunta de Galicia con competencias en materias vinculadas coas medidas demandadas. Presentación de resultados, solicitude de información, e integración desta nos apartados do plan que fan referencia á definición de medidas, fichas, e marco económico-financeiro asociado.
- Revisión lingüística dos textos do plan director da industria metalmecánica en galego e castelán e da súa documentación asociada. Esta revisión incluírá revisión ortográfica e gramatical, revisión de linguaxe non sexista e corrección de estilo.
- Maquetación do plan director da industria metalmecánica en galego e en castelán, seguindo a liña gráfica prefixada desde a Secretaría Xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético.
- Traballo complementarios que deben realizarse para a aprobación do plan no Consello da Xunta de Galicia. Esta actuación supón a realización de tarefas como a preparación de documentos executivos, tratamento das alegacións e realización de memorias, e organización e preparación da información económica.

**Actividade 2:** Coordinar e impulsar proxectos que potencien a cadea de valor do sector metal e as súas tecnoloxías asociadas.

Esta actividade ten por obxectivo impulsar e coordinar proxectos estratéxicos que reforcen a cadea de valor do sector metal e das súas tecnoloxías asociadas, identificando sinerxías, oportunidades de colaboración e novas iniciativas de innovación.

A través destas accións, favorecerase a creación de redes de cooperación entre empresas, centros de investigación e outros axentes relevantes con proxectos impulsados por Asime a favor da cadea de valor ou en conxunto con outras entidades. Deste xeito, melloraranse procesos, produtos e servizos dentro do sector.

Esta actuación conleva a realización de tarefas dirixidas a identificar oportunidades, preparar contidos técnicos e elaborar solicitudes e demais documentación complementaria para facilitar a presentación a diferentes convocatorias de proxectos de interese para o sector metal e as súas tecnoloxías asociadas.

**Actividade 3:** Elaborar e actualizar catálogos de diferentes áreas do sector metal e tecnoloxías asociadas.

Esta actividade comprende a elaboración, actualización e/ou reimpresión de catálogos de industrias referentes do sector metal e as súas tecnoloxías asociadas.

Estes catálogos, en formato bilingüe na súa maioría (español/inglés) e dispoñibles tanto en formato dixital como impreso, teñen como finalidade facilitar a internacionalización das empresas, mellorar a súa visibilidade en mercados exteriores e ofrecer unha imaxe clara e actualizada do tecido industrial galego.

Ao longo do 2026 prevese a creación de novos catálogos – cando a temática ou a industria o requira – así como a actualización daqueles xa existentes, especialmente no relativo a bases de datos empresariais, contactos, capacidades tecnolóxicas e oferta de produtos e servizos. Así mesmo, todos os catálogos incorporarán de forma destacada a actividade de metalmecánica e aos fabricantes de bens de equipo como eixe transversal en cada cadea de valor. Deste xeito, quedará reflectido o seu papel estrutural dentro das distintas industrias e facilitará a visibilidade destas empresas no conxunto do ecosistema industrial galego.

**Actividade 4:** Organizar eventos/obradoiros relevantes para o sector do metal e as súas tecnoloxías asociadas.

Esta actividade comprende a planificación, coordinación e execución de eventos e talleres técnicos dirixidos a fomentar o intercambio de coñecemento, a innovación e o networking dentro do sector metal e as súas tecnoloxías asociadas. O obxectivo é reunir nun mesmo espazo a empresas líderes, pemes, investigadores, provedores de solucións industriais e outros actores clave, creando oportunidades reais de colaboración e transferencia de tecnoloxía.

Os eventos poderán adoptar distintos formatos: congresos, xornadas técnicas, obradoiros prácticos, mesas de debate, sesións demostrativas, visitas a empresas e encontros sectoriais.

Estruturaranse en torno a áreas prioritarias que respondan ás necesidades reais do tecido produtivo e ás tendencias tecnolóxicas actuais.

Así mesmo, realizarase unha selección de temáticas en base a criterios de oportunidade que serán debidamente xustificadas, motivados e postos en coñecemento da Secretaría Xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético. En calquera caso, dentro desta selección incluíranse, ao menos, unha temática centrada na actividade de metalmecánica e bens de equipo.

### **Segunda.- Obrigas da Consellería de Economía e Industria**

1. Colaborar no desenvolvemento daquelas iniciativas e accións vinculadas ao obxecto do convenio para asegurar o seu cumprimento.
2. Financiar o 100% das actividades obxecto deste convenio establecidas na cláusula primeira, ata a contía máxima que se recolle na cláusula cuarta.
3. Supervisar que as actividades sexan desenvolvidas de acordo coas estipulacións do presente convenio e ditar as instrucións que se estimen precisas para a referida colaboración.

### **Terceira.- Obrigas de Asime**

1. Colaborar coa Consellería de Economía e Industria no desenvolvemento das actividades obxecto do convenio, seguindo as liñas de actuación establecidas na cláusula primeira.
2. Con carácter previo á sinatura deste convenio e xunto coa solicitude de pagamento, deberá acreditar ante a Consellería de Economía e Industria que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma, no caso de que se opoña á consulta automatizada deses datos prevista na cláusula décimo terceira deste convenio.
3. Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas ou o Consello de Contas, no exercicio das súas respectivas funcións de fiscalización e control de destino dos fondos transferidos e facilitar a inspección e control dos órganos da Consellería de Economía e Industria co fin de supervisar o cumprimento das actividades do convenio.
4. Seguir as normas sobre protección de datos, concretamente a Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
5. Achegar os informes e documentos que acrediten o desenvolvemento das actividades do presente convenio, así como os informes e demais documentos requiridos pola Consellería de Economía e Industria.
6. Facer constar expresamente a colaboración prestada pola Consellería de Economía e Industria en todo o material de execución, información e publicidade das actividades do convenio, coa

utilización do correspondente logotipo identificativo, en virtude do disposto no Manual de Identidade Corporativa da Xunta de Galicia.

#### **Cuarta.- Contía da achega económica**

Para o desenvolvemento das actuacións previstas no convenio, a Consellería de Economía e industria achegará a cantidade máxima de cento vinte e catro mil euros (124.000€), que se financiarán con cargo á seguinte aplicación orzamentaria, código de proxecto e anualidade seguinte:

<b>Código proxecto</b>	<b>Aplicación orzamentaria</b>	<b>2026</b>	<b>TOTAL</b>
2024 00034	09.02.732A.640.8	124.000€	124.000€

Esta achega económica realizarase como unha compensación dos gastos nos que incorra Asime para a axeitada execución das accións obxecto do convenio. En ningún caso se aboarán importes que supoñan a obtención de lucro por parte da dita asociación.

Este expediente tramítase como un expediente anticipado de gasto, consonte a Orde do 11 de febreiro do 1998 pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, dado que o consello da Xunta aprobou o 17 de outubro do 2025 o proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o 2026.

A concesión desta cantidade queda condicionada á existencia de crédito axeitado e suficiente no momento da disposición ou compromiso de gasto. Ademais, todos os actos de trámite ditados no expediente de gasto entenderanse condicionados a que no momento de aprobarse a lei de orzamentos para o ano 2026 subsistan as mesmas circunstancias de feito e de dereito existentes no momento en que foron producidos os devanditos actos.

#### **Quinta.- Gastos atendibles**

Con carácter xeral, considéranse gastos atendibles aos efectos do convenio aqueles que, de xeito indubidable, responden á natureza das actividades e fins do convenio.

Requisitos dos gastos con cargo ao convenio:

Os gastos deberán ser realizados, facturados e efectivamente pagados dentro do ámbito temporal do propio convenio e, polo tanto, no que atinxe unicamente a actuacións realizadas entre a data da súa sinatura e a data límite de xustificación, de conformidade co prazo sinalado na cláusula sexta. Exceptúanse aqueles gastos cuxos pagamentos deban efectuarse nun momento

posterior por axustárense aos calendarios de recadación, como os ingresos á conta do IRPF ou cotas de seguros sociais.

O importe do IVE (imposto do valor engadido) non se considerará gasto xustificable cando sexa susceptible de recuperación ou compensación, salvo que se acredite a exención do mesmo e consecuentemente non resulte recuperable.

Os gastos nos que incorra Asime serán compatibles con outras cantidades públicas ou privadas que puidese recibir, que deberán ser declaradas nas liquidacións do convenio e diminuirán o importe total a achegar pola Consellería de Economía e Industria.

Todos os gastos externos xustificadas por Asime deben axustarse a prezos de mercado, polo que podería solicitarse unha auditoría sobre os gastos xustificadas, no caso de que non exista outro patrón de público coñecemento que permita establecer o dito axuste.

### **Sexta.- Xustificación e pagamento das contribucións da Consellería de Economía e Industria**

1. A Consellería de Economía e Industria achegará para o financiamento do custo das accións previstas no presente convenio un importe total máximo de cento vinte e catro mil euros (124.000€). Esta cantidade será aboada con cargo aos orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2026, nos que se dotará crédito axeitado e suficiente para financiar ata o 100% esta achega, conforme á partida orzamentaria 09.02.732A.640.8.

2. A contribución da Consellería de Economía e Industria poderá realizarse de xeito fraccionado en pagamentos que estean vinculados á realización e acreditación das actividades relacionadas na cláusula primeira deste convenio.

Estes pagamentos realizaranse unha vez se acredite a execución das súas tarefas asociadas e segundo os importes referidos no Anexo I que recolle o orzamento previsto por actividade.

Tendo en conta a imposibilidade de calcular o importe exacto de todas as actuacións previstas no marco deste convenio, o beneficiario, con previa comunicación á Secretaría Xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético no seo da Comisión de Seguimento do convenio, poderá realizar modificacións entre as diferentes actividades e conceptos de gastos sempre que se trate de minoracións iguais ou inferiores ao 20% dos importes previstos. Estas modificacións non poderán supoñer un incremento da achega establecida nin poderán afectar ás condicións de xustificación recollidas no presente convenio.

3. Para a acreditación á que se refire o punto anterior, Asime presentará á Secretaria Xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético, unha vez finalizadas as actuacións que se detallan na cláusula primeira deste Convenio e, en todo caso, coa data límite do 15 de decembro de 2026, a seguinte documentación:



3.1. Unha relación clasificada dos gastos nos que se incorreu, coa identificación do concepto de gasto, acreedor e do documento, o seu importe, data de emisión e data de pagamento.

3.2. As facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa, así como os xustificantes das transferencias bancarias, certificacións bancarias ou extractos bancarios, ou documentos obtidos a través da banca electrónica sempre que contén co selo do banco, acreditativas dos pagamentos polos servizos realizados.

En ningún caso serán admisibles os pagamentos xustificadas mediante recibo do provedor. Nestes documentos deberán estar claramente identificados o receptor e o emisor do pagamento, o número e a satisfacción do importe total da factura (IVE incluído), así como o concepto ao que se refiren. No caso de que no documento de pagamento non se faga referencia ás facturas, deberá ir acompañado da documentación complementaria que permita verificar a correspondencia entre gasto e pagamento. No caso de que un xustificante de pagamento inclúa varias facturas, achegarase unha relación detallada das mesmas na que se poida apreciar que o pagamento se corresponda coas ditas facturas.

3.3. Tres ofertas de diferentes provedores cando o importe de cada gasto no que incorra o Asime sexa igual ou superior a 15.000€, IVE excluído. Cando polas especiais características dos gastos non exista no mercado suficiente número de entidades que o presten ou subministren, deberá achegarse unha xustificación de tal circunstancia. Se a elección entre as ofertas presentadas non tivese recaído na proposta económica máis vantaxosa, deberá achegarse unha memoria xustificativa.

3.4. En caso de oposición expresa a que a Secretaría Xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético da Consellería de Economía e Industria poida realizar as consultas polos seus propios medios, Asime deberá de presentar as certificacións expedidas polas respectivas Administracións Públicas, que acrediten que está ao corrente das obrigas tributarias e da Seguridade Social, así como a acreditación de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración Pública da Comunidade Autónoma. No suposto de que o importe do IVE supoña un custo real soportado, poderá ser incluído na solicitude de pagamento. Neste caso, deberá presentarse un certificado oficial expedido pola AEAT, acreditativo da situación da entidade con respecto ao IVE.

3.5. Unha memoria final onde se xustifique o cumprimento dos obxectivos previstos e no que se describan de xeito individualizado as distintas accións desenvolvidas, produtos elaborados e as incidencias máis significativas no marco deste convenio. Nos casos nos que sexa posible, empregaranse indicadores obxectivos para medir o impacto logrado a través de cada acción.

3.6. No caso daquelas accións nas que se elabore documentación, materiais gráficos, folletos, fotografías ou calquera outro material en formatos analóxicos ou dixitais,

xuntarase unha copia dos mesmos ou a ligazón a webs e outros espazos virtuais relevantes nos que poida acreditarse a súa existencia.

3.7. Declaración da titularidade da conta bancaria onde se debe realizar o pagamento.

4. Asime responsabilizarse da veracidade dos documentos presentados. Coa solicitude de pagamento deberá achegarse unha declaración responsable de que non existe ánimo de lucro e que os importes reclamados se circunscriben á satisfacción dos gastos nos que teña incorrido para a execución das actividades obxecto deste convenio. Esta declaración responsable deberá estar asinada dixitalmente pola persoa que ostente a representación legal da entidade.

5. En todo caso, a Consellería de Economía e Industria, a través da Secretaría Xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético, resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa realización das actuacións obxecto do presente convenio e calquera outra que estime oportuna para a correcta xustificación do gasto e o seu pagamento.

6. Asime manterá a disposición da Consellería de Economía e Industria ou de calquera organismo público con capacidade de fiscalización da Comunidade Autónoma de Galicia, tales como a Intervención Xeral, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, todos os xustificantes dos gastos e ingresos obtidos a fin dunha verificación *in situ*, ben por medios propios ou mediante auditor externo. O prazo para a comprobación material de facturas e xustificantes de gasto será de 5 anos desde a finalización do prazo de vixencia do convenio.

### **Sétima.- Comisión de Seguimento**

Para facilitar a execución e desenvolvemento, así como o seguimento e cumprimento do presente convenio, constituirase unha comisión paritaria, formada por dous/dúas representantes de cada parte asinante. Esta Comisión actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio. Así mesmo, esta comisión supervisará a programación das accións concretas ás que se refire o convenio e avaliará e controlará as actividades realizadas.

A comisión reunirse en sesión constitutiva nun prazo non superior a un mes desde a sinatura deste convenio. Así mesmo, reunirse tantas veces como o soliciten as partes para analizar o grao de cumprimento dos obxectivos fixados, propor a resolución dos conflitos específicos que puidesen exporse e realizar calquera outra actuación de coordinación que se estime precisa.

O/A presidente/a da Comisión, que será un dos representantes da Consellería de Economía e Industria, terá voto dirimente.

O funcionamento da Comisión de Seguimento farase ao abeiro do réxime xurídico dos órganos colexiados contido na sección III, co capítulo I do título I (artigos 15 e seguintes) da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

### **Oitava.- Vixencia e causas de resolución**

Este convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2026.

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Son causas de resolución:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio.
- b) O acordo unánime de todos os asinantes.
- c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes. Neste caso, calquera das dúas partes poderá notificar á parte incumplidora un requirimento para que cumpra nun prazo de 10 días hábiles coas obrigas ou compromisos que se consideren incumplidos. Este requirimento será comunicado á Comisión de Seguimento do convenio e á outra parte asinante. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte asinante a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio.
- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e) Introducción de modificacións substanciais sen que as mesmas se aceptasen pola Comisión de seguimento.
- f) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

Se cando concorra calquera das causas de resolución do convenio existen actuacións en curso de execución, as partes, a proposta da Comisión de Seguimento do convenio, acordarán a continuación e finalización das actuacións en curso que consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización, transcorrido o cal deberá realizarse a liquidación destas.

### **Novena.- Modificación**

O presente convenio poderá ser obxecto de modificación cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. A dita modificación terá por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

### **Décima.- Publicidade da subscripción do convenio**

De conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e o Decreto 126/2006 de 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, a Consellería de Economía e Industria publicará no *Diario Oficial de Galicia*, no Portal de

transparencia e Goberno aberto e na súa páxina web oficial o importe da prestación económica concedida ao abeiro deste convenio e a entidade destinataria desta, e incluírá igualmente a referida contribución e as sancións que como consecuencia deste puidesen impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos da entidade e a referida publicidade, así como a súa cesión aos órganos competentes da Consellería de Economía e Industria.

Asime deberá subministrarse toda a información necesaria para que a Consellería de Economía e Industria poida dar cumprimento ás obrigas previstas no Título I da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. As consecuencias do incumprimento desta obriga serán as establecidas no artigo 4.4 da citada lei.

### **Undécima.- Propiedade intelectual**

A documentación xerada como consecuencia da execución deste convenio será propiedade conxunta de Asime e a Consellería de Economía e Industria. Na medida en que a mesma sexa susceptible de protección mediante o réxime da propiedade intelectual, seralles de aplicación o disposto no artigo 7 do Texto refundido da propiedade intelectual, relativo á obra en colaboración.

A titularidade de todos os dereitos de propiedade intelectual inherentes á documentación elaborada será de Asime e da Consellería de Economía e Industria por ámbito mundial e polo prazo de protección dos dereitos de propiedade intelectual, de acordo coa normativa nacional e comunitaria aplicable.

### **Duodécima.- Responsabilidade**

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais ou entidades que vaian desenvolver as actuacións obxecto deste convenio e a Consellería de Economía e Industria, de tal xeito que non se poderá esixir a esta responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiariamente, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do devandito convenio.

### **Décimo terceira.- Autorizacións**

Asime consente expresamente a inclusión dos datos relevantes e persoais deste convenio nos rexistros públicos que proceda, de acordo co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, así como poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición respecto do contido dos rexistros antes citados ante a Consellería de Economía e Industria, con sede no complexo administrativo de San Caetano s/n, 15704, Santiago de Compostela.

Este consentimento esténdese á autorización para a cesión dos seus datos á entidade financeira na que se aboe o pagamento, ao *Diario Oficial de Galicia* e ás demais cesións previstas na lei.

Tamén comporta a autorización á Consellería de Economía e Industria para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia.

#### **Décimo cuarta.- Natureza e normativa**

O presente convenio ten natureza administrativa quedando fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE, do 26 de febreiro de 2014, de conformidade co seu artigo 6, sen prexuízo da aplicación dos principios desa lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse, consonte o previsto no seu artigo 4.

As partes comprométense a resolver de común acordo, ante a Comisión de seguimento, calquera controversia que puidese suscitarse sobre a interpretación ou execución deste convenio. En caso de conflito, as partes acordan o sometemento á Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Para todo o non previsto neste convenio aplicarase o previsto na Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia, a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, así como na Resolución do 8 de abril de 1991 (DOG nº 82, do 30 de abril) pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, en todo o que non se opoña á Lei 1/2016, do 18 de xaneiro.

E, en proba de conformidade, as partes asinan o presente convenio electronicamente, tomando como data de sinatura a do último asinante.

Pola Consellería de Economía e Industria

Por Asime



## ANEXO I

### ORZAMENTO PREVISTO POR ACTIVIDADE

ACTIVIDADE	Orzamento 2026 (€)
<b>Actividade 1:</b> Colaborar na elaboración, aprobación e publicación do plan director da industria metalmeccánica	<b>60.000</b>
<b>Actividade 2:</b> Coordinar e impulsar proxectos que potencien a cadea de valor do sector metal e as súas tecnoloxías asociadas	<b>25.000</b>
<b>Actividade 3:</b> Elaborar e actualizar catálogos de diferentes áreas do sector metal e tecnoloxías asociadas	<b>15.000</b>
<b>Actividade 4:</b> Organizar eventos/obradoiros relevantes para o sector metal e as súas tecnoloxías asociadas	<b>24.000</b>
	<b>124.000</b>